

Comentarios publicados no blog dun instituto no curso 2007-2008:

Nesta historia faise unha ridiculización dos comerciantes (Don Celidonio e o seu sogro). Ten lugar nun pobo de provincias. A familia de Don Celidonio é moi avara, e son porcos. Fanse persoas polos traxes, as casas e os mobles. O doutor Alveiros é o antagonista de don Celidonio. Así como o comerciante é gordo, seboso, porco, etc. Alveiros é todo o contrario, un home recto, sabio, espiritual. Risco ten continuas mostras de erudición, sobre todo nas enumeracións, as referencias clásicas, etc. Xunto a algo moi serio, aparece a continuación algo gracioso. Hai unha crítica ao obreiro, ao sindicalista, ao socialismo, ao comunismo, a toda a sociedade. É unha obra pesimista: todos os que están no poder son ineptos, están aí por diñeiro. Ademais, Alveiros, o personaxe positivo, véndese por diñeiro casando con Celidonia, filla de don Celidonio. Ao final vence o materialismo. No seu libro, Vicente Risco escribe con grandes e groseiras esaxeracións coas que fai unha dura crítica á sociedade daquela época. Vicente Risco na miña sincera opinión non era só un escritor senón tamén un filósofo, xa que as súas opinións son amplas e verdadeiramente interesantes, como a que fai respecto ao diñeiro, na que lle dá a este todos os cualificativos posibles ou numerosas alusións a outras cousas con unha ampla descrición de todo o que se relata, pero sempre baseándose no humor e coa ironía na man para poder usala en calquera momento. Non vou dicir que é un libro fácil de ler porque estaría mentindo, pero o que si podo dicir é que a quen lle guste a lectura ha de pasalo verdadeiramente ben co relato de Risco (**Joaquín**).

"O porco de pé", unha novela ambientada no contexto socio-histórico no que viviu o autor (principios do século XX). Satiriza a sociedade desa época, caracterizada pola hipocrísia e o caciquismo que os políticos exercían sobre o pobo, formado por unha sociedade vulgar e ignorante. A historia desenvólvese nun ambiente provinciano, coa excepción dunha pequena parte en Madrid, que reflicte os principios ideolóxicos da España desa época. O protagonista, don Celidonio Latas Tinajero é un comerciante que vai crescendo no mundo do diñeiro e a escala social, até chegar a alcalde da vila. Este representa un home materialista e que se acomoda ao grupo político que máis lle convén en cada momento, movido só polo diñeiro. Á ignorancia de don Celidonio opónselle o doutor Alveiros, un home intelectual e idealista. En resumo, considéroo un bo libro pola verosimilitude que ten coa época que critica, escrita pola propia experiencia do autor vivida nese período, aínda que coido que non é un libro sinxelo de ler pero si o recomendaría para coñecer un pouco mellor a Galiza desa época (**Tamara**).

O porco de pe é unha novela de Vicente Risco, na que critica a sociedade da época, sobretudo á burguesía. É unha sátira do castelán que chega a ser alcalde nunha cidade galega. O protagonista, un comerciante chamado Celidonio, consegue ir ascendendo na escala social ata chegar a alcalde da vila de Oria. Este, que é un ignorante é o oposto do doutor Alveiros, representante da vida intelectual. O libro non me gustou nada. Para o meu gusto non é un libro fácil de ler a pesares de que non é longo, pero non narra unha historia en concreto, senón que vai entrelazando cousas e sucesos e vai describindo todo facendo moitas enumeracións. Normalmente as novelas que acostumo ler soen engancharme nalgún tramo do libro que fai que queiras seguir lendo, pero neste non foi o caso. Para rematar, quizais dentro duns anos se o volvo a ler o entendo moito mellor, pero mentres, eu non o recomendo (**Sara**).

Neste libro, o autor a través da vida de don Celidonio (un comerciante que foi gañando clases na escala social pouco a pouco; que comeza como comerciante, gaña diñeiro e influencia, e finalmente chega a ser o Presidente da Xuntanza cidadá, Xefe Superior de Administración, e ingresa na Orde civil de Alfonso XII), fai unha crítica ao materialismo. Don Celidonio, e os seus familiares, son persoas "graxentas", e obesas. Ademais, don Celidonio é unha persoa avara, pero que nunca foi de grandes metas, pero cando vai gañando prestixio social, éncheselle a cabeza de ideas que nin sequera entende. O personaxe oposto é o doutor Alveiros, un doutor que é máis ben un "home de espírito". A crítica tamén chega a diferentes posturas políticas, e ademais, na obra, representa ós poderosos como xente inepta que só busca diñeiro. O final do libro, fai mención a unha biblioteca, que é incendiada. Isto, representa a derrota da cultura e a vitoria da ignorancia. O libro, está cheo de descricións e enumeracións de elementos. Tamén fai descricións poéticas, como a que fai da política, na que a describe coma una muller que "dorme" con todos os homes, pero estes nunca están seguros de atopar a roupa na habitación ao día seguinte. É un libro bastante difícil de ler xa que despista moito coas descricións e a propia forma de escribir do autor, pero aínda así, resulta un libro bastante entretido. (**Carlos**).

Ao meu parecer a novela é unha constante contraposición entre a razón e a aparencia. Don Celidonio representa ao longo do libro un home que sen ter formación ningunha pasou a posuír cargos na administración e a gañar prestixio e diñeiro. En cambio o doutor Alveiros é o contrario, unha persoa con estudos e preparada que non ten os luxos de Don Celidonio. Risco en "*O porco de pé*" está a satirizar a falta de preparación dos políticos da época, a pouca información popular sobre as teorías políticas, a xente que consegue algo na vida preferindo aparentar a ser fiel á súa ideoloxía e en xeral, a abundante ignorancia da época. Mostra disto é o abundante uso de adxectivos para describir a alguén ou unha situación. Así mesmo nesta sátira cobran vital importancia as ocorrencias de Don Celidonio como que o perseguen os sindicalistas empunhando a Star (pistola usada polos anarco-sindicalistas da época) ou a súa falta de "moral" por ir a certos locais de Madrid. Como xa expliquei anteriormente, neste relato é máis importante chegar a ser algo (aparencia) que vivir defendendo a túa ideoloxía: Don Celidonio cambia dunha ideoloxía a outra (dun partido a outro) só por "que cavilarán os demais", outra mostra da ignorancia popular. Coma esta atopamos máis: o día da celebración na que lle dan o traxe a Don Celidonio todo o pobo está nesa festa até o Ateneo Anarquista. En resume son un conxunto de situacións nas que Risco reflexa este pouco "sentido común" da época. O peor é que na obra vence o que é o diñeiro e aparencia á razón e intelixencia (a obra remata ardendo a biblioteca, a fonte da razón).

En síntese, Risco critica a política castelá, a ignorancia, unha sociedade tremendamente capitalista e certos valores morais e políticos. Non é doado de ler, pero todo o mundo debería lelo xa que Risco inclúe neste libro información da época, da ciencia e de diversas formas políticas (**Adrián**)

"*O porco de pé*" resultoume un libro interesante, aínda que un pouco difícil de entender. A obra narra a historia dun tendeiro cobizoso, don Celidonio, que a partir desta posición vai ascendendo e mellorando a súa posición social apoiándose nunha conduta de pouco nivel. Desta obra de Vicente Risco gustáronme moito as numerosas e notábeis enumeracións que realiza o autor, así como, o uso do humor e da ironía que utiliza para criticar e satirizar aos personaxes. Na miña opinión, estas críticas describen moi ben a sociedade galega da época, unha sociedade na que simples tendeiros procedentes de Castela conseguen postos altos do goberno galego simplemente por casar coa moza adecuada ou levarse ben coas persoas que están nos postos importantes e, sen a necesidade de ter que estudar algo que lles permitise desempeñar o seu cargo dun xeito máis favorábel para o resto da poboación. Pola contra, o personaxe do doutor Alveiros non me gustou demasiado porque ao final deixase levar polo demo e convértese nun Celidonio máis, abrazando a este coa intención de acadar no futuro un posto como o que alcanzara o outro protagonista. No que se refire ao autor, paréceme que nas súas obras mostra unha gran calidade na escritura e que, a pesar de tratar algúns temas complicados, consegue que os lectores os comprendan sen demasiadas dificultades (**Jorge**)

Nesta novela de Risco titulada "O porco de pé", o autor trata de nos mostrar as dúas caras contrapostas da baralla, mediante os personaxes encarnados por don Celidonio e o doutor Alveiros, mostras de ignorancia e sabedoría respectivamente. Na obra o primeiro, un comerciante humilde, vai pouco a pouco escalando na sociedade até chegar a ser o alcalde da vila e un home gabado e moi querido polo resto da sociedade, tan querido que, ao final incluso o doutor Alveiros lle dá unha aperta, nunha mostra, na miña opinión, de querer axeonllarse ante unha persoa que exemplifica uns principios moi contrarios aos del, aos da razón. Neste momento, por se fora pouco enteirámonos do incendio da biblioteca, unha mostra máis da ignorancia na que o pobo se está a someter. Por último, gustaríame resaltar a dificultade da lectura do libro, existen saltos de temática continuados e mostra moitas veces un uso moi excesivo de adxectivos en momentos ao meu ver sen sentido algún (**Pablo**)